

I.E.S. O COUTO

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

**XEOGRAFÍA E HISTORIA**

**1º E.S.O.**

**CURSO 2021-2022**

**Addenda**  
*(profesora M<sup>a</sup> Lucía Labrada)*

*I.E.S. O Couto (Ourense)*

## 1. PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Debido a entrada no vindeiro curso da LOMLOE, e o adianto a este final de curso 2021-2022 de certos puntos da mesma, como membro do departamento de Xeografía e Historia, levarei a cabo as seguintes actuacións:

**Na materia de Xeografía e Historia de 1º ESO (Grupos A, B e C)**, farei as probas, exercicios, traballos, etc., necesarios para saber xa en xuño que alumnos teñen superada a materia e cales non, de forma que soamente terán que facer a recuperación entre o 6 e o 22 de xuño aqueles estudantes que non superasen a materia o día 6.

Como non existe a posibilidade de facer dous grupos, un cos alumnos aprobados e outro cos suspensos, levaráanse a cabo as seguintes actividades:

- **Materia aprobada:** Faráanse tarefas de ampliación dos coñecementos, sempre que sexa posible, dun xeito lúdico, empregando recursos didácticos interactivos (se están dispoñibles as aulas de informática), así como traballos e fichas de ampliación de contidos. Así mesmo, a este alumnado ofreceráselle a posibilidade de subir a nota da materia mediante a entrega de traballos e actividades diversas e/ou unha proba escrita.
- **Materia suspensa:** Entregarásese un caderno cos exercicios máis importantes ó longo do curso, que se fará na clase, consultando as fontes necesarias. O feito de facelo implicará un 30% da nota. O outro 70% dependerá da realización dunha proba escrita, que inclúa (ao menos) parte das preguntas das feitas na clase e preguntas relacionadas directamente cos exercicios de reforzo.

Como recolle a lei, cada alumno que non supere a a materia o 6 de xuño, levará un consello orientador para informar ás familias do que debe facer para superala nos días restantes (actividades, probas escrita...), indicando en que consisten estas actividades en en que medida contribuirán á cualificación final.

I.E.S. O COUTO

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

**XEOGRAFÍA E HISTORIA**

**1º E.S.O.**

**CURSO 2021-2022**

**Addenda**  
*(profesora Patricia Castro Toral)*

*I.E.S. O Couto (Ourense)*

## **1. UNIDADES DIDÁCTICAS. TEMPORALIZACIÓN**

### **1º ESO D**

Reducirase os do curso, considerándose apropiados os seguintes puntos:

- 3.14 Relixión exipcia
- 3.17 Grecia expansión comercial
- 3.19 O helenismo
- 3.20 O Cristianismo

## **2. PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

Criterios de avaliación e instrumentos de avaliación non cambiarán.

Estes puntos serán traballados para reforzar e ampliar coñecementos nas sesións a partir do 8 de xuño, mediante actividades complementarias.

I.E.S. O COUTO

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

**XEOGRAFÍA E HISTORIA**

**2º E.S.O.**

**CURSO 2021-2022**

**Addenda**

*I.E.S. O Couto (Ourense)*

## **1. UNIDADES DIDÁCTICAS. TEMPORALIZACIÓN**

Reducirase o contido do último bloque, xa que se pode recuperar en 3º ESO. Por iso:

Do tema de poboación española, só se traballarán os datos concretos sobre volume e pirámides poboacionais, dentro do bloque poboación mundial.

No tema de urbanismo e mundo rural, será traballado como elemento determinante para a poboación.

## **2. PROCEDIMIENTO DE AVALIACIÓN. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

Os instrumentos de avaliación e criterios de avaliación manteranse.

O resto do temario traballarase mediante actividades de reforzo e ampliación para os alumnos suspensos e os aprobados, afianzando, recuperando e afondando os coñecementos, e como canle para 3º ESO.

I.E.S. O COUTO

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

**XEOGRAFÍA E HISTORIA**

**3º E.S.O.**

**CURSO 2021-2022**

**Addenda**

*I.E.S. O Couto (Ourense)*

## **1. UNIDADES DIDÁCTICAS. TEMPORALIZACIÓN**

A implantación da 3ª avaliación antes do 6 xuño obríganos á modificación dos contidos plantexados en setembro de 2021, sendo preciso **pospor a impartición do tema “Países desenvolvidos e subdesenvolvidos: dependencia e colonialismo”** (correspondencia cos epígrafes B.2.12 e B 2.13 da programación do curso 2021-2022) ás semanas de xuño posteriores a dita data, polo que non serán obxecto de avaliación.

A tipoloxía de actividades a realizar serán de reforzo e ampliación adaptándonos as necesidades e carencias detectadas en cada alumno, polo que serán presentada de xeito individual unha vez desenrolada a 3ª avaliación.

## **2. PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

Para a sesión de avaliación final do alumnado de 3º ESO remarcamos a necesidade de que o alumno suspenso realice unha proba escrita na que mostre a adquisición dos contidos mínimos.



I.E.S. O COUTO

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

**XEOGRAFÍA E HISTORIA**

**4º E.S.O.**

**CURSO 2021-2022**

**Addenda**

*I.E.S. O Couto (Ourense)*

## 1. UNIDADES DIDÁCTICAS. TEMPORALIZACIÓN

UNIDADES DIDÁCTICAS/TEMAS					
UD/ Tema	Bloque	Contido	Temporalización (sesións)		
		BLOQUE 10: A RELACIÓN ENTRE O PASADO, O PRESENTE E O FUTURO A TRAVÉS DA HISTORIA E A XEOGRAFÍA			
0	B 10.2	Cambio e continuidade: as etapas da Historia	3		
	B 10.3	Tempo histórico: diacronía e sincronía			
	B 10.4	Vocabulario histórico-artístico			
		<b>BLOQUE 1: O SÉCULO XVIII EN EUROPA ATA 1789</b>			
1	B 1.1	O Antigo Réxime	5		
	B 1.2	A Ilustración			
	B 1.3	A revolución científica dos s. XVII e XVIII			
		<b>BLOQUE 2: A ERA DAS REVOLUCIÓNS LIBERAIS</b>			
2	B 2.1 B 2.2	As revolucións burguesas na etapa contemporánea. A Revolución Francesa. A Restauración. A unidade italiana e alemá	8		
				<b>BLOQUE 3: A REVOLUCIÓN INDUSTRIAL</b>	
3	B 3.1 B 3.5 B 3.2 B 3.4	A Revolución Industrial	5		
	4	B 3.3		As transformacións sociais: o movemento obreiro	
				<b>BLOQUE 4: O IMPERIALISMO DO S. XIX E A I GUERRA MUNDIAL</b>	
		B 4.1 B 4.2		O imperialismo contemporáneo	
6	B 4.3	A I Guerra Mundial	5		
	B 4.4	A Revolución Rusa	6		
	B 4.5	A arte no s. XIX	2		
			<b>BLOQUE 5: A ÉPOCA DE ENTREGUERRAS (1919-1945)</b>		
	B 5.1	A economía no período de entreguerras: a crise do 29	5		
	B 5.2	Os fascismos	4		
	B 5.3	A II República española e a Guerra Civil	3		
			<b>BLOQUE 6: AS CAUSAS E CONSECUENCIAS DA II GUERRA MUNDIAL (1939-1945)</b>		
12	B 6.1 B 6.2 B 6.3	A II Guerra Mundial	5		

3ª avaliación	13	B 6.4	A Guerra Fría	3
	14	B 6.5	O proceso descolonizador	5
			<b>BLOQUE 7: A ESTABILIZACIÓN DO CAPITALISMO E O ILLAMENTO ECONÓMICO DO BLOQUE SOVIÉTICO BLOQUE 8: O MUNDO RECENTE ENTRE OS S. XX E XXI</b>	
	15	B 7.1 B 8.1	O modelo económico socialista e o modelo capitalista	4
		B 8.2	A crise e desaparición do modelo soviético. A desintegración do bloque comunista	3
		B 7.2	As crises económicas no sistema capitalista: a crise de 1973	1
		B 8.4	A construción da Unión Europea	2
	16	B 7.3	A ditadura de Franco en España (1939-1975)	2
		B 8.3	A transición política en España: da ditadura á democracia (1975-1982)	2
			<b>BLOQUE 9: A REVOLUCIÓN TECNOLÓXICA E A GLOBALIZACIÓN A FINAIS DO S. XX E PRINCIPIO DO XXI</b>	
	17	B 9.2	A revolución tecnolóxica	1
		B 9.1 B 9.3	A globalización: características e consecuencias	2
		B 10.1	A relación entre o pasado e o presente	1

A Orde do 25 de xaneiro de 2022 (DOG 11/02/2022) actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación secundaria e bacharelato, introducindo a realización de tres sesións de avaliación parciais e unha avaliación final ao longo do curso 2021/2022. Esta novidade implica unha modificación do calendario escolar, dende o momento en que a terceira avaliación se adianta a principios do mes de xuño, o que implica a redución dos períodos lectivos previstos inicialmente nesta programación.

É por iso que compre modificar os contidos ou unidades didácticas a impartir neste curso. Analizadas as diversas posibilidades, decídese eliminar aqueles bloques considerados “menos imprescindibles” que ían ser impartidos na 3ª avaliación, centrándose naqueles outros máis importantes. Deste modo, non se impartirán os seguintes bloques: do tema 15, os bloques B 7.1, B 8.1, B 7.2 e B 8.4; os bloques B 9.2, B 9.1 e B 9.3 do tema 17.

## **2. PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

A redacción correspondente a este punto modifícase e queda redactada do seguinte xeito:

A nota de cada avaliación parcial será a media das notas obtidas en cada un dos temas obxecto dos exames desa avaliación.

A nota final da materia será a media aritmética das notas obtidas en cada tema ao longo do curso. Un alumno superará a materia cando esta media sexa como mínimo 5.

***Procedemento de recuperación:***

Aqueles alumnos que non obteñan un 5 ou máis nalgún dos temas nos exames parciais, poderán realizar un exame de recuperación posterior en cada unha das avaliacións parciais (excepto na terceira).

Aqueles alumnos que non obteñan unha media de 5 ou superior despois da realización das tres avaliacións parciais, poderán realizar un exame final (previo á avaliación final) no que se examinarán dos temas onde non obtiveron a nota mínima de 5.

**3. ACTIVIDADES A DESENVOLVER NO PERÍODO ABRANGUIDO ENTRE A 3ª AVALIACIÓN PARCIAL E A AVALIACIÓN FINAL**

Tal e como se recolle na Orde do 25 de xaneiro de 2022, o período abranguido entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final dedicarase á realización de tarefas diversas. No que respecta ao alumnado que teña temas sen superar, entregaráselle un breve informe de avaliación individualizado no que se recollerán os contidos que serán obxecto do exame final, así como aquelas actividades (resumes, esquemas, definicións, comentarios...) que poderá realizar co fin de recuperar a materia. Ditas actividades de apoio, reforzo e recuperación serán traballadas na aula no período que media entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final.

En canto ao alumnado que acadara unha nota media de 5 ou superior unha vez rematada a terceira avaliación parcial, realizará actividades de ampliación (presentación de novos contidos, lecturas, material multimedia...) e/ou titoría neste mesmo período.

I.E.S. O COUTO

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

**HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO**

**1º BACHARELATO**

**CURSO 2021-2022**

**Addenda**

***I.E.S. O Couto (Ourense)***

**4. UNIDADES DIDÁCTICAS. TEMPORALIZACIÓN**

<b>UNIDADES DIDÁCTICAS/TEMAS</b>			
UD/ Tema	Bloque	Contido	Temporalización (sesións)
		<b>BLOQUE 11: A HISTORIA CONTEMPORÁNEA: O TEMPO HISTÓRICO. MÉTODOS E FERRAMENTAS PROPIAS DA DISCIPLINA</b>	
0	B 11.1	Diacronía e sincronía	3
	B 11.2	Fontes históricas	
	B 11.3	Vocabulario histórico-artístico	
		<b>BLOQUE 1: O ANTIGO RÉXIME</b>	
1	B 1.1	Características xerais do Antigo Réxime	7
	B 1.2		
	B 1.3	O parlamentarismo inglés	
	B 1.4	O pensamento político da Ilustración	
	B 1.5	O equilibrio político europeo a finais do s. XVIII	
	B 1.6	O rococó	
		<b>BLOQUE 2: AS REVOLUCIÓNS INDUSTRIAIS E AS SÚAS CONSECUENCIAS</b>	
2	B 2.1	A primeira e a segunda revolución industrial	8
	B 2.2		
	B 2.3		
	B 2.5	Economía industrial e liberalismo económico	
3	B 2.4	Os cambios sociais na etapa contemporánea: burguesía e proletariado	8
	B 2.6	O movemento obreiro: sindicalismo e pensamento socialista	
		<b>BLOQUE 3: A CRISE POLÍTICA DO ANTIGO RÉXIME</b>	
4	B 3.1	A independencia dos EE.UU.	12
	B 3.2		
	B 3.3	A revolución francesa e o imperio napoleónico	
	B 3.4		
	B 3.5	A restauración absolutista: o Congreso de Viena. As revolucións liberais de 1820, 1830 e 1848	
	B 3.6		
	B 3.7	O nacionalismo: a unidade de Italia e Alemaña	
	B 3.9	A independencia de Hispanoamérica	
B 3.8	A arte da primeira metade do s. XIX: neoclasicismo e romanticismo		
		<b>BLOQUE 4: A DOMINACIÓN EUROPEA DO MUNDO E A I GUERRA MUNDIAL</b>	
5	B 4.2	As potencias europeas a finais do s. XIX. EE.UU. e Xapón	6
	B 4.3	A expansión imperialista contemporánea	
	B 4.1		
6	B 4.4	A I Guerra Mundial	7
	B 4.5		
		<b>BLOQUE 5: O PERÍODO DE ENTREGUERRAS, A II GUERRA MUNDIAL E AS SÚAS CONSECUENCIAS</b>	
7	B 5.2	A revolución rusa. O estalinismo	8
8	B 5.1	A economía no período de entreguerras: a crise do 29	7
	B 5.4		
9	B 5.5	Os fascismos	5

I.E.S. O COUTO

2ª avaliación	10	B 5.6 B 5.7 B 5.8 B 5.9 B 5.10 B 5.11	As relacións internacionais no período de entreguerras. A II Guerra Mundial	8
	<b>BLOQUE 6: EVOLUCIÓN DE DOUS MUNDOS DIFERENTES E OS SEUS ENFRONTAMENTOS</b>			
3ª avaliación	11	B 6.1 B 6.2	O enfrontamento entre o mundo capitalista e o comunista: a Guerra Fría	4
	<b>BLOQUE 7: A DESCOLONIZACIÓN E O TERCEIRO MUNDO</b>			
	12	B 7.1 B 7.2 B 7.3	O proceso descolonizador	5
		B 7.4 B 7.5	O Terceiro Mundo: o Movemento dos Países non Aliñados. Subdesenvolvemento e dependencia	
	<b>BLOQUE 8: CAPITALISMO E COMUNISMO</b>			
	13	B 6.3 B 6.4	Características do bloque capitalista e do bloque comunista	2
	<b>BLOQUE 9: A CRISE DO BLOQUE COMUNISTA</b>			
	14	B 8.1 B 8.2 B 8.3	A desintegración da URSS	7
		B 8.4 B 8.5	A desaparición do bloque comunista na Europa oriental. Os conflitos internos: a guerra dos Balcáns	
	<b>BLOQUE 10 O MUNDO CAPITALISTA NA SEGUNDA METADE DO S. XX</b>			
	15	B 9.1 B 9.2	O modelo económico capitalista. O Estado de benestar	7
		B 9.3 B 9.4	Da C.E.E. a U.E.: o proceso de integración europeo	
		B 9.5	Os EE.UU. na segunda metade do s. XX	
B 9.6		Xapón e os “dragóns” asiáticos		
<b>BLOQUE 11: O MUNDO ACTUAL DENDE UNHA PERSPECTIVA HISTÓRICA</b>				
16	B 10.1	Globalización e medios de comunicación. A inmigración como fenómeno global	8	
	B 10.2	A ameaza terrorista internacional		
	B 10.3	Presente e futuro da UE		
	B 10.4	Os EE.UU. do comezo do s. XXI		
	B 10.5	Perspectiva actual do mundo hispanoamericano		
	B 10.6	O mundo islámico na actualidade		
	B 10.7	O continente africano e os seus problemas actuais		
	B 10.8	O continente asiático: India, China e os países emerxentes		

A Orde do 25 de xaneiro de 2022 (DOG 11/02/2022) actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación secundaria e bacharelato, introducindo a realización de tres sesións de avaliación parciais; no caso do Bacharelato, a terceira avaliación poderá coincidir coa avaliación final ordinaria. Esta avaliación ordinaria terá

lugar a comezos do mes de xuño, o que implica unha modificación do calendario escolar e a redución dos períodos lectivos previstos inicialmente nesta programación.

É por iso que compre modificar os contidos ou unidades didácticas a impartir neste curso. Analizadas as diversas posibilidades, decídese eliminar aqueles bloques considerados “non esenciais” que ían ser impartidos na 3ª avaliación, centrándose naqueles outros máis importantes. Deste modo, non se impartirán os seguintes bloques: do tema 15, os bloques B 9.5 e B 9.6; os bloques B 10.1 a B 10.8 do tema 16.

## **5. PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN. INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN**

A redacción correspondente a este punto modifícase e queda redactada do seguinte xeito:

A nota de cada avaliación parcial será a media das notas obtidas en cada un dos temas obxecto dos exames desa avaliación.

A nota final da materia será a media aritmética das notas obtidas en cada tema ao longo do curso. Un alumno superará a materia cando esta media sexa como mínimo 5.

### ***Procedemento de recuperación:***

Aqueles alumnos que non obteñan un 5 ou máis nalgún dos temas nos exames parciais, poderán realizar un exame de recuperación posterior en cada unha das avaliacións parciais (excepto na terceira).

Aqueles alumnos que non obteñan unha media de 5 ou superior despois da realización das tres avaliacións parciais, poderán realizar un exame final (previo á avaliación ordinaria) no que se examinarán dos temas onde non obtiveron a nota mínima de 5. Do mesmo modo, aqueles alumnos que tampouco chegaran á media de 5 despois deste exame final, poderán realizar outro de recuperación correspondente á avaliación extraordinaria.

## **6. ACTIVIDADES A DESENVOLVER NO PERÍODO ABRANGUIDO ENTRE A 3ª AVALIACIÓN PARCIAL E A AVALIACIÓN FINAL**

Tal e como se recolle na Orde do 25 de xaneiro de 2022, o período abranguido entre a avaliación final ordinaria e a avaliación extraordinaria dedicarase á realización de tarefas diversas. No que respecta ao alumnado que teña temas sen superar, entregaráselle un breve informe de avaliación individualizado no que se recollerán os contidos que serán obxecto do exame final, así como aquelas actividades (resumes, esquemas, definicións,



comentarios...) que poderá realizar co fin de recuperar a materia. Ditas actividades de apoio, reforzo e recuperación serán traballadas na aula no período que media entre a terceira avaliación parcial e a avaliación final.

En canto ao alumnado que acadara unha nota media de 5 ou superior unha vez rematada a terceira avaliación parcial, realizará actividades de ampliación (presentación de novos contidos, lecturas, material multimedia...) e/ou titoría neste mesmo período.